

ENTREVISTA
**LAURA
FERNÁNDEZ
ESPINOSA**

Secretaria de la "Asociación de Amigos do Camiño Xacobeo de San Rosendo e da Rainha Santa", y coautora de la guía "El Camino de Santiago por las tierras de Rosendo".



¿Cuándo nace la Asociación?

La Asociación nació hace tres años, pero hacía ya tiempo que un grupo de personas de Celanova y Baixa Limia estaban trabajando para reivindicar y promocionar este camino. Entre esa gente estaba el actual presidente de nuestra Asociación y de Arnau: David Pérez, que es natural de Bande.

¿Para qué nace la Asociación? ¿Cuáles son sus objetivos?

Los fines de la asociación, tal y como se recoge en sus estatutos, son básicamente la promoción, difusión y puesta en valor del llamado "Camino de San Rosendo e da Rainha Santa", y, especialmente, conseguir la participación e implicación activa en nuestro proyecto no sólo de los ayuntamientos por donde pasa, sino también y sobre todo de la población local. Todos somos Camino. Eso es lo más importante. Queremos que la gente de los lugares y concellos por donde pasa sientan que el Camino es algo suyo, que merece la pena. Todos ganamos con él.

¿Qué clase de Camino es?

Es un camino histórico, que viene desde Braga y también desde Santo Tirso, dos lugares unidos a la vida del fundador de Celanova, personaje relevante de la edad media gallega, uno porque él era obispo de Dumio y el otro porque fue donde nació. Los portugueses de las seis cámaras por donde pasa el Camino están ahora muy activos, sobre todo los "rotarios" de Santo Tirso, promocionando el Camino en su país, y con un plan de señalización como camino jacobeo. La parte gallega que nosotros reivindicamos como xacobeo engancha la Geira en la frontera de Portela do Home, en Lobios, y hasta la ciudad de Ourense, es un trazado histórico, siguiendo las viejas calzadas romanas y los caminos medievales posteriores.

¿Hace poco escribió usted junto con otra compañera, Mónica Vázquez Lopo, la guía de este camino que editó la Diputación. ¿Qué tal acogida está teniendo?

La verdad es que fantástica. Estamos muy contentas. Ya se vio desde el mismo día de la presentación en la Casa de Curros y después en Bande. Esperamos que sirva para promocionar el Camino y para animar a la gente, del sitio que sea, a recorrerlo.

¿Han contactado con otras asociaciones similares?

La verdad es que sí, tanto portuguesas como de aquí. Estamos muy agradecidos del trato recibido, especialmente desde la Asociación de Amigos de la Vía de la Plata, que nos están animando mucho.

Y, ¿cómo va la declaración oficial de Camino Xacobeo?

Pues de momento ya conseguimos que en el 2021 la iglesia católica lo reconociera como camino de peregrinación a Santiago, aunque al discurrir los últimos



100 kilómetros por la Vía de la Plata, los peregrinos ya recibían la Compostela. Actualmente el CSIC está recogiendo datos sobre el terreno, para hacer el informe técnico que le ha encargado la Xunta de Galicia, y con él, si tenemos suerte y el informe es favorable, validar la posible designación de nuestro camino como camino jacobeo. Ahora puede ser la culminación de todo un proceso que comenzó en los años 90 y que quedó plasmado en la placa ubicada en la rotonda de San Rosendo.

¿Qué proyectos o iniciativas han realizado o tienen pensado poner en marcha para alcanzar sus objetivos?

De las cosas más importantes que hemos hecho están las que llamamos "Xornadas Peregrinas", unas rutas temáticas cuyo objetivo es dar a conocer el Camino y el patrimonio, tanto material como inmaterial, que hay a su alrededor. Las hacemos por tramos entre dos o tres concellos. Un año hemos hablado de gastronomía, otro de literatura y la última sobre música tradicional. Nuestra idea es que la gente sepa, primero, que existe este Camino, y después el gran potencial que tiene para promocionar las dos comarcas por donde pasa. Hemos aprovechado las jornadas para firmar un protocolo de colaboración con los Concellos para que promocionen y mantengan limpio el Camino en el tramo que les corresponda, y lo cierto es que se les ve muy dispuestos a colaborar con la Asociación.

Y también hemos hecho campañas. Queremos que la gente se asocie (10 € al año y 20 € las empresas), que todo el mundo participe, porque todos somos embajadores del Camino. Tenemos también una página web con los mapas que están en wikiloc. E incluso hicimos merchandising para financiar la cartelería y los trípticos que hemos repartido por muchos sitios, y pegatinas para distinguir a los negocios que son socios colaboradores.

¿Cuándo nace la Asociación?

A Asociación naceu hai tres anos, pero había xa tempo que un grupo de persoas de Celanova e da Baixa Limia estaban traballando para reivindicar e promocionar este camiño. Entre esa xente estaba o actual presidente da nosa Asociación e de Arnau: David Pérez, que é natural de Bande.

¿Para qué nace a Asociación? ¿Cales son os seus obxectivos?

Os fins da asociación, tal e como se recolle nos seus estatutos, son basicamente a promoción, difusión e posta en valor do chamado "Camino de San Rosendo e da Rainha Santa", e, especialmente, conseguir a participación e implicación activa no noso proxecto non só dos concellos por onde pasa, senón tamén e sobre todo da poboación local. Todos somos Camiño. É o máis importante. Queremos que a xente dos lugares e concellos por onde pasa sintan que o Camiño é algo seu, que merece a pena. Todos gañamos con el.

¿Qué clase de Camiño é?

É un camiño histórico, que ven desde Braga e tamén desde Santo Tirso, dous lugares unidos á vida do fundador de Celanova, personaxe relevante da idade media galega, uno porque el era bispo de Dumio e o outro porque foi onde naceu. Os portugueses das seis cámaras por onde pasa o Camiño están agora moi activos, sobre todo os "rotarios" de Santo Tirso, promocionando o Camiño no seu país, e cun plan de sinalización como camiño xacobeo. A parte galega que nós reivindicamos como xacobeo engancha a Geira na fronteira de Portela do Home, en Lobios, e ata a cidade de Ourense, é un trazado histórico, seguindo as vellas calzadas romanas e os camiños medievais posteriores.



¿Hai pouco escribiu vostede xunto con outra compañeira, Mónica Vázquez Lopo, a guía deste camiño que editou a Deputación. ¿Que tal acollida está tendo?

A verdade é que fantástica. Estamos moi contentas. Xa se viu o mesmo día da presentación na Casa de Curros e logo en Bande. Esperamos que sirva para promocionar o Camiño e para animar a xente, do sitio que sexa, a percorrelo.

¿Contactaron con outras asociacións similares?

A verdade é que si, tanto portuguesas como de aquí. Estamos moi agradecidos do trato recibido, especialmente desde a Asociación de Amigos da Vía da Prata, que están animándonos moito.

¿E, como vai a declaración oficial de Camiño Xacobeo?

Pois de momento xa conseguimos que no 2021 a igrexa católica o recoñecera como camiño de peregrinación a Santiago, inda que ao descender os últimos 100 quilómetros pola Vía da Prata, os peregrinos xa recibían a Compostela. Actualmente o CSIC está recollendo datos sobre o terreo, para facer o informe técnico que lle encargou a Xunta de Galicia, e con el, se temos sorte e o informe é favorable, validar a posible designación do noso camiño como camiño xacobeo. Agora pode ser a culminación de todo un proceso que comezou nos anos 90 e que quedou plasmado na placa situada na rotonda de San Rosendo.

¿Que proxectos ou iniciativas teñen realizado ou teñen pensado poñer en marcha para alcanzar os seus obxectivos?

Das cousas máis importantes que temos feito están as que chamamos "Xornadas Peregrinas", unhas rutas temáticas cuxo obxectivo é dar a coñecer o Camiño e o patrimonio, tanto material como inmaterial, que hai ao seu redor. Facémolas por tramos entre dous ou tres concellos. Un ano falamos de gastronomía, outro de literatura e a última sobre música tradicional. A nosa idea é que a xente saiba, primeiro, que existe este Camiño, e logo o gran potencial que ten para promocionar as dúas comarcas por onde pasa. Temos aproveitado as xornadas para asinar un protocolo de colaboración cos Concellos para que promocionen e manteñan limpo o Camiño no tramo que lles corresponda, e o certo é que se lles ve moi dispostos a colaborar coa Asociación.

E tamén fixemos campañas. Queremos que a xente se asocie (10 € ao ano e 20 € as empresas), que todo o mundo participe, porque todos somos embajadores do Camiño. Temos tamén unha páxina web cos mapas que están na wikiloc. E incluso fixemos merchandising para financiar os carteis e os trípticos que repartimos por moitos sitios, e pegatinas para distinguir os negocios que son socios colaboradores.